



PROCEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN DO DEPÓSITO DA TESE DE DOUTORAMENTO

(Aprobado no COMITÉ DE DIRECCIÓN da EIDUDC do 25 de novembro de 2014)

O Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC recolle no artigo 6 que é función da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) “emitir o informe de autorización de inicio de trámite para a presentación e exposición pública da tese de doutoramento e aprobar, de ser o caso, os requisitos de calidade das teses de doutoramento”. Ademais, o seu artigo 46 recolle que os/as estudantes de doutoramento teñen dereito “a ser considerados como persoal investigador en formación, de conformidade co Estatuto do Persoal Investigador, coa Carta europea do investigador e no que se estableza na Lei da ciencia, da tecnoloxía e a innovación (LCTI)”. En particular, de acordo co artigo 14 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, o persoal investigador ten dereito “á consideración e respecto da súa actividade científica e á súa avaliación de conformidade a criterios públicos, obxectivos, transparentes e preestablecidos”.

Por outra parte, segundo o artigo 9 do Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC), é función da Comisión Permanente do Comité e Dirección a EIDUDC “autorizar a defensa pública da tese de doutoramento ou, de ser o caso, a interrupción da súa tramitación, o que se comunicará por escrito ao doutorando, aos directores da tese e á CAPD correspondente”.

Non obstante, a normativa de estudos de doutoramento na UDC non establece un procedemento que determine, entre outras cuestións, o prazo máximo para a emisión do informe de autorización do depósito da tese por parte do órgano académico responsable do programa, nin a natureza de dito informe, nin mecanismos de actuación da Comisión Permanente da EIDUDC no caso de conflito derivado da non autorización do depósito da tese polo órgano académico responsable do programa.

De acordo co exposto, a EIDUDC establece o seguinte procedemento de aplicación a todos os programas de doutoramento impartidos na UDC:

Primeiro. Informe de autorización da tese de doutoramento.

- a) No caso de que o órgano académico responsable do programa autorice o depósito da tese, ratificará o informe do/a director/a ou directores/as de tese.
- b) No caso de que o órgano académico responsable do programa non autorice o depósito da tese, emitirá un informe obxectivo que xustifique a decisión adoptada e no que indique todos os aspectos da tese que deben modificarse para que poida autorizarse o seu depósito.
En todo caso, os criterios empregados polo órgano académico responsable do programa deben ser públicos, obxectivos, transparentes e preestablecidos. Ademais, os criterios xerais empregados polo órgano académico responsable do programa deben ser os de común aplicación no programa para a autorización de depósito de teses de doutoramento.

Segundo. Prazo de emisión do informe de autorización do depósito da tese.

O prazo máximo para que o órgano académico responsable do programa emita o informe (favorable ou non) de autorización do depósito da tese será de 1 mes a contar desde a solicitude



do/a doutorando/a ao órgano académico responsable do programa de autorización para a defensa da tese. No caso dun primeiro informe negativo, o/a director/a da tese e o/a doutorando/a poderán responder aos comentarios ou recomendacións vertidos no informe sobre a tese e, de selo caso, facer as oportunas correccións sobre o manuscrito da mesma. Unha vez solicitada novamente a autorización do depósito de tese, o prazo máximo para a que o órgano académico responsable do programa emita o informe definitivo (favorable ou non) de autorización do depósito da tese será de 15 días a contar desde a solicitude do/a doutorando/a.

Terceiro. Resolución de conflitos.

De acordo co artigo 32 do REDUDC:

“As dúbidas ou controversias que xurdiren en relación cos axentes implicados no desenvolvemento do programa de doutoramento serán levadas polas persoas interesadas en primeiro termo ante a CAPD.

No caso de que as controversias conclúan nun conflito, a súa resolución corresponderá ao órgano responsable dos estudos de doutoramento na universidade. O acordo será comunicado por resolución do/a director/a ou presidente/a do órgano ás partes afectadas. As persoas lexitimadas poderán presentar recurso de alzada contra esta resolución perante o reitor da Universidade ou persoa en quen delegar.”

En desenvolvemento das competencias recollidas no Regulamento da EIDUDC, a Comisión Permanente da EIDUDC, tras a solicitude do/a doutorando/a e do/a seu/súa Director/a (e Titor/a, de selo caso) poderá designar a persoas expertas externas ao programa de doutoramento para que informen sobre se procede ou non a autorización do depósito da tese.

Na elaboración destes informes terán en conta os informes previos do/a director/a ou directores/as de tese e do órgano académico responsable do programa.

De acordo cos informes das persoas expertas externas ao programa, a Comisión Permanente resolverá sobre a autorización do depósito da tese. No caso de autorización positiva, a documentación recollida no Artigo 34 do REDUDC necesaria para efectuar o depósito de tese (excepto a autorización da CAPD) deberá ser remitida á Oficina de Doutoramento e, se é o caso, a Comisión Permanente procederá á proposta do tribunal que vulgará a tese.